


**APROBADO
en Claustro**

Xuño ★ 2017

Proxecto lingüístico



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	5
2. BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO.....	5
3. LINGUAS QUE SE EMPREGARÁN NAS MATERIAS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	6
4. LINGUAS QUE SE EMPREGARÁN NAS MATERIAS DE BACHARELATO.....	9
5. MEDIDAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS.....	11
6. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	11
1. Obxectivos xerais.....	11
2. Liñas de actuación.....	12



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor
Proxecto Lingüístico 4 /12



1. INTRODUCCIÓN

A presente proposta para a planificación lingüística, segue os obxectivos da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, cos recollidos no Plan Xeral de normalización da lingua galega de 2004, e co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que deroga o anterior Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regulaba o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

A nosa comunidade esixe o coñecemento e uso de dúas linguas e iso supón unha necesidade e unha oportunidade (laboral, vital, social, etc...) para os individuos. O plurilingüismo individual e social (non só o bilingüismo) é elemento imprescindible do capital social de calquera individuo na sociedade actual.

Ser competentes en varias linguas é un obxectivo que debemos pretender desde un punto de vista individual e social. Galicia é unha sociedade plurilingüe, bilingüe historicamente aínda que coñecemos etapas nas que se intentou ocultar esa realidade e mesmo condenar o uso do idioma propio. Hoxe calquera cidadán coñece as vantaxes de dominar varias linguas. Ademais da potenciación do uso da lingua galega, consideramos importante no centro a consolidación de aprendizaxes de alúmenos unha lingua estranxeira.

2. BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO

O noso centro atópase emprazado nun contexto ambiental no que se poden definir dous tipos de alumnos, nunha proporción de 20% galego falantes contra un 80% de castelán.

- Alumnos castelán-falantes no que o grao de familiaridade e coñecemento, aínda que pasivo nalgúns casos, que se ten do galego é bo.
- Alumnos galego-falantes. Característica importante é que estes alumnos mudan de lingua unha vez que se integran no IES, abandonando a práctica lingüística en galego ante os compañeiros.

En xeral, a interacción entre os dous grupos é boa, sen que haxa problemas persoais derivados de diferenzas lingüísticas.

Neste contexto, debe garantirse que a utilización da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza sexa, como mínimo, igual á da lingua castelá. Como reflicte o artigo 14 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, ao remate do ensino obrigatorio garantirase a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

3. LINGUAS QUE SE EMPREGARÁN NAS MATERIAS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O centro axústase ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que regula a utilización das dúas linguas oficiais no sistema educativo. O seu artigo 7º está adicado á Educación Secundaria Obrigatoria:

Artigo 7º.-Educación secundaria obrigatoria.

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.
3. Impartiranse en galego as materias de Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.
4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia. Os materiais que se empreguen terán a calidade científica e pedagóxica adecuada e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia.

A lingua inglesa será utilizada nas materias incluídas no programa de Seccións Bilingües: Bioloxía e Xeoloxía (1º, 3º e 4º cursos de ESO)

As linguas utilizadas na impartición das distintas materias desta etapa educativa serán a seguinte:

1º da ESO			
Materia	Horas semanais	Galego	Castelán
Lingua Galega e Literatura	4	X	
Lingua Castelá e Literatura	4		X
Primeira Lingua Estranxeira, Inglés	5		
Matemáticas	4		X



Xeografía e Historia	3	X	
Bioloxía e Xeoloxía	2	X	
Educación Física	3		X
Relixión e Valores Éticos	2	X	
Titoría	1	X	
Segunda Lingua Estranxeira, Alemán/Francés	2		
Educación Plástica e Visual	1	X	
Promoción de Estilos de Vida Saudables	1		X

2º da ESO			
Materia	Horas semanais	Galego	Castelán
Lingua Galega e Literatura	3	X	
Lingua Castelá e Literatura	3		X
Primeira Lingua Estranxeira, Inglés	3		
Matemáticas	5		X
Xeografía e Historia	3	X	
Física e Química	3		X
Educación Física	2	X	
Relixión e Valores Éticos	1	X	
Titoría	1	X	
Segunda Lingua Estranxeira, Francés/Alemán	2		
Música	2		
Tecnoloxía	3		X
Materia	1	X	

3º da ESO			
Materia	Horas semanais	Galego	Castelán
Lingua Galega e Literatura	3	X	
Lingua Castelá e Literatura	3		X



Primeira Lingua Estranxeira, Inglés/Francés	3		
Matemáticas Orientadas ás E. Académicas Matemáticas Orientadas ás E. Aplicadas	4		X
Xeografía e Historia	3	X	
Bioloxía e Xeoloxía	2	X	
Física e Química	2		X
Educación Física	2	X	
Relixión e Valores Éticos	1	X	
Titoría	1	X	
Segunda Lingua Estranxeira: Francés/Alemán, Cultura Clásica	2		
Educación Plástica e Visual	2	X	
Música	2		X
Tecnoloxía	2		X

4º da ESO			
Materia	Horas semanais	Galego	Castelán
Lingua Galega e Literatura	3	X	
Lingua Castelá e Literatura	3		X
Primeira Lingua Estranxeira, Inglés/Francés	3		
Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas	4		X
Xeografía e Historia	3	X	
Bioloxía e Xeoloxía	3	X	
Física e Química	3		X
Educación Física	2		X
Relixión e Valores Éticos	1	X	
Titoría	1	X	
Segunda Lingua Estranxeira, Alemán/Francés	3		
Educación Plástica e Visual	3	X	
Música	3		X
Tecnoloxía	3		X

Economía	3	X	
Latín	3	X	
Iniciación a Actividade Emprendedora e Empresarial	3	X	
Cultura Científica	3		X
Filosofía	3	X	
Tecnoloxías da Información e da Comunicación	3		X

4. LINGUAS QUE SE EMPREGARÁN NAS MATERIAS DE BACHARELATO

O artigo 8º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, está adicado ao Bacharelato:

Artigo 8º.- Bacharelato.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

En bacharelato as materias que deben impartirse obrigatoriamente en galego son as indicadas no Decreto 126/2008, do 19 de xuño: Filosofía, Cultura Científica, Historia da Filosofía, Historia de España, Matemáticas I e II, Historia do Mundo Contemporáneo e Xeografía.

No caso das asignaturas de linguas, se utilizará a lingua correspondente.

Os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia. Os materiais que se empreguen terán a calidade científica e pedagóxica adecuada e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia.

As linguas utilizadas na impartición das distintas materias desta etapa educativa será a seguinte:

1º de Bacharelato				
Materia		Horas semanais	Galego	Castelán
Comúns	Lingua Galega e Literatura I	3	X	
	Lingua Castelá e Literatura I	3		X
	Primeira Lingua Estranxeira, Inglés I	3		
	Filosofía	3	X	
	Educación Física	2		X
	Cultura Científica	2	X	
	Relixión	1	X	



Humanidades e Ciencias Sociais	Latín I	4	X	
	Grego I	4	X	
	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	4		X
	Economía	4		X
	Historia do Mundo Contemporaneo	4	X	
Ciencias e Tecnoloxía	Matemáticas I	4	X	
	Bioloxía e Xeoloxía	4		X
	Debuxo Técnico	4		X
	Física e Química	4		X
Optativas	Literatura Universal	4	X	
	Antropoloxía	2	X	
	Tecnoloxía Industrial I	3		X
	Segunda Lingua Estranxeira, Francés I	2		
	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	2		X

2º de Bacharelato				
Materia		Horas semanais	Galego	Castelán
Comúns	Lingua Galega e Literatura II	3	X	
	Lingua Castelá e Literatura II	3		X
	Primeira Lingua Estranxeira, Inglés II	3		
	Historia de España	3	X	
	Religión	1	X	
Ciencias e Tecnoloxía	Matemáticas II	4	X	
	Debuxo Técnico II	4		X
	Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	3		X
	Física	4		X
	Bioloxía	4	X	
	Química	4		X

Humanidades e Ciencias Sociais	Xeografía	4	X	
	Economía da Empresa	4	X	
	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	4	X	
	Historia da Arte	4		X
	Latín II	4	X	
	Historia da Filosofía	4	X	
Optativas	Ética e Filosofía do Dereito	2	X	
	Historia da Música e da Danza	3		X
	Segunda Lingua Estranxeira, Francés II	3		
	Tecnoloxía Industrial II	3		X
	Tecnoloxías da Información e a Comunicación II	3		X
	Métodos Estatísticos e Numéricos	2		X

5. MEDIDAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS.

Co fin de acadar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOMCE no que afecta ao fomento do plurilingüismo, establecerase un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentando en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.

Adoptaranse medidas para que o alumnado que non teña suficiente dominio da lingua galega ou da lingua castelá poda seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten. Para isto, este alumnado recibirá formación específica de forma individual ou en grupos reducidos durante dúas horas á semana en cada unha das linguas nas que necesite este apoio.

6. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

1. Obxectivos xerais

1. Aumentar o uso da lingua galega nas relacións entre os membros da comunidade educativa.
2. Mellorar a competencia comunicativa en galego do alumnado en xeral e daqueles membros da comunidade que o desexen.
3. Romper coa asociación instituto “plurilingüe” que se expresa maioritariamente en castelán.
4. Previr o desenvolvemento de prexuízos asociados ao uso da lingua galega (a mellor defensa de calquera lingua é o seu uso)



5. Asumir que a lingua galega é un instrumento de comunicación válido en todos os contextos, non só en usos rituais.
6. Transmitir á sociedade que neste centro consideramos a lingua galega un valor, por iso a usamos en todos os ámbitos.
7. Visibilizar o respecto polas dúas linguas oficiais da comunidade, intentando favorecer a que ten menos uso.

2. Liñas de actuación

O uso da lingua galega como vehicular na docencia xa está recollido noutro apartado, de aí que non fagamos referencia a ese aspecto aquí.

O Departamento de Dinamización Lingüística do IES Val Miñor leva anos desenvolvendo múltiples e diversas actividades que coinciden nos seus obxectivos cos aquí expostos. Ademais das propostas incluídas no proxecto do Equipo de Dinamización, que van dirixidas fundamentalmente aos alumnos, parece oportuno engadir outras dirixidas a todos os demais membros da comunidade educativa que incidirán sen dúbida positivamente na situación lingüística do centro e na superación de posibles prexuízos.

Secretaría: atender ao público, tanto por teléfono como persoalmente, en galego. Manter a lingua mesmo cando o interlocutor fala en castelán.

Conserxería: cando se atende o teléfono, cando se chama á casa dos alumnos, cando se fala cos alumnos ou cos pais no mostrador. Sempre en galego, salvo cando o interlocutor pida de maneira explícita ser atendido en castelán.

Titores/ profesores en xeral na atención a pais: tanto telefonicamente como en persoa, preferentemente en galego. Relación dos profesores cos alumnos en situacións informais: por defecto, en galego.

Dirección: As reunións e atención a pais en xeral procurarase que sexan en galego.